

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 16 DE XANEIRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.
- Decreto polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se declara o ano 2014 como Ano Galego da Parálise Cerebral.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se aproban os textos do proxecto de decreto polo que se derroga o Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia, e do proxecto de orde polo que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se regula o Consello Galego de Acción Voluntaria, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.



INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as axudas para a instalación da recepción da TDT vía satélite nos concellos incluídos no Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia.
- Informe sobre a posta en marcha da Rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre tempos medios de pagamento de facturas.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a orde de axudas para a mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre a orde de axudas de iluminación pública exterior.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se acorda a tramitación de emerxencia do expediente de execución das obras de reposición de cuberta e reparación de danos do CEIP Pedro Caselles Rollán de Xove (Lugo), por un importe total de cincuenta e catro mil douscentos sesenta e catro euros con cinco céntimos de euro (54.264,05€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o convenio marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL) e o Foro interalimentario para o fomento dunha alimentación saudable na poboación da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre a adxudicación da obra de fase I do Plan director H2050 do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO).

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOVO DECRETO DE CONFRARÍAS QUE UNIFICARÁ OS SEUS PROCESOS ELECTORAIS

- ***O novo decreto entrará en vigor no prazo de vinte días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e posteriormente publicarase unha orde que convocará e regulará os procesos electorais***
- ***Para garantir a transparencia e legalidade do proceso está a Administración electoral, formada pola xunta electoral e unha comisión e unha mesa para cada confraría***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o novo decreto de confrarías que unificará os procesos electorais de todas as confrarías de Galicia e das súas federacións. Este documento permitirá regular o procedemento electoral de todas as entidades, establecendo un calendario de convocatoria de eleccións unificado.

A Xunta ten a obriga legal de unificar os procesos electorais en todas as confrarías de Galicia e centralas nun mesmo período temporal, tal e como recolle a Lei de pesca. De aí a elaboración deste novo decreto que permitirá unificar a duración dos mandatos nas confrarías e a representatividade dos cargos electos nos órganos das federacións, acadando así unha mellora na coordinación dos procesos electorais.

Este documento recolle, ademais, un marco xurídico que lles permitirá ás confrarías e federacións adaptarse aos cambios constantes que se producen no sector, sobre todo no que ten que ver coa xestión dos recursos, co seu ámbito de organización e co funcionamento interno. Ademais, permitirá que estes organismos sigan traballando como entidades modernas, solventes e competitivas nun mercado da pesca en constante transformación, sempre baixo a primacía da legalidade, transparencia contable e democracia interna.

Prazos

O novo decreto entrará en vigor no prazo de vinte días, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG). Posteriormente publicarase unha orde que convocará e regulará os procesos electorais. Na convocatoria estableceranse os prazos para o desenvolvemento do proceso electoral. A campaña electoral comezará a partir da proclamación definitiva das candidaturas e rematará ás cero horas do día inmediatamente anterior á data fixada para a votación.

A duración do mandato dos órganos das confrarías de pescadores –Xunta Xeral, Cabido e Patrón maior- será de catro anos, e poderán ser reelixidos por períodos de igual duración. O prazo empezará a contar desde o día seguinte ao da toma de posesión dos vogais da Xunta Xeral.



Procedemento electoral

Para garantir a transparencia e legalidade do proceso está a Administración electoral, formada pola xunta electoral, unha comisión electoral e unha mesa para cada confraría.

A Xunta Electoral é única para toda Galicia e terá a súa sede na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar. Estará composta por un presidente/a, un secretario/a e catro vogais. Entre os seus cometidos destaca o de velar pola correcta coordinación do proceso electoral, vixiar o cumprimento das funcións asignadas ás comisións electorais e resolver as súas consultas, así como resolver as cuestións do proceso electoral.

A comisión electoral de cada confraría estará composta por un presidente/a, un secretario –o da confraría- e tres vogais. Ten, entre outras funcións, elaborar e aprobar o plan electoral, publicar o censo electoral provisional, aprobar o censo definitivo, preparar o colexio electoral e organizar o material do proceso e velar pola legalidade dos comicios.

Por outra banda, a mesa electoral de cada confraría estará composta por presidente – será o patrón maior-, secretario –será o da confraría- e catro vogais. Ten como funcións presidir as votacións, efectuar o escrutinio e velar pola legalidade do sufraxio e resolver as incidencias que se poidan detectar durante as votacións.



O FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA MELLORA A AUSTRIDADE, TRANSPARENCIA, EFICACIA E EFICIENCIA DA SÚA XESTIÓN

- ***O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se aproban os estatutos deste organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia, actualizando o seu marco xurídico, que estaba vixente desde o ano 1996***

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao decreto polo que se aproban os estatutos do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA). Con esta medida, o organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia actualiza o seu marco xurídico –o vixente era do ano 1996–, adaptando a súa estrutura interna e xestión á Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Nesta norma recoñécese a condición de organismo pagador dos fondos europeos agrícolas de Galicia e a prevalencia do principio de austeridade na xestión dos recursos internos do organismo, así como a transparencia, eficacia e eficiencia na xestión. Ten como obxectivo permanente a mellora da calidade no seu ámbito de actuación.

Ao tempo, poténciase a utilización de medios electrónicos na xestión do organismo, así como o control e mellora continua da xestión, por medio da aprobación dun programa plurianual de actuación e plans anuais de xestión.

Con este decreto estanse a plasmar nunha norma diferentes actuacións realizadas no organismo nos últimos exercicios, vinculadas á aplicación do principio de austeridade na xestión. Así, por exemplo, o FOGGA suprimiu todos os alugueiros de edificios, despois de ter alugado o 50% das súas sedes; fixo tamén unha redución do 40% desde o exercicio 2009 no capítulo 2 (gastos correntes) e unha redución das encomendas de xestión con medios propios instrumentais.



A XUNTA TRAMITA UNHA NORMATIVA DE PLANIFICACIÓN DE AUGAS QUE RECOLLE MEDIDAS QUE AXILIZARÁN A LIMPEZA DOS RÍOS E AS ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA EN ÉPOCA DE SECA

- ***Regúlase o procedemento de aprobación do Plan hidrolóxico Galicia-Costa, do Plan de seca, dos plans de xestión de inundacións e dos plans galegos de abastecemento e saneamento***
- ***Habílitase o Consello da Xunta para adoptar medidas extraordinarias en caso de seca, permitindo a declaración de utilidade pública para os efectos de ocupación ou expropiación de terreos***
- ***Axilízase a tramitación de actuacións menores para a conservación e o mantemento dos ríos ou de roza, para as que só será necesaria a comunicación previa a Augas de Galicia***
- ***Os labores tradicionais de mantemento de pequenos leitos nos que pode haber desbordamentos ou atrancos pódense realizar con maior axilidade e coas máximas garantías ambientais, xa que Augas de Galicia reserva para si as tarefas de inspección para comprobar a correcta execución dos traballos.***
- ***Vincúlase a execución de obras hidráulicas por parte da Xunta nos concellos á garantía dunha correcta xestión das actuacións construídas***
- ***Incídese especialmente no fomento da participación pública, con amplos períodos de consulta obrigados para todos os instrumentos de planificación***
- ***O Decreto que comeza a tramitarse tamén reformula o Consello Sustentable da Auga, para que a súa composición o faga equiparable ao Consello da Auga das Confederacións Hidrográficas***
- ***Trátase do quinto regulamento de desenvolvemento da Lei 9/2010, de augas de Galicia***

O Consello da Xunta informou, na súa reunión de hoxe do inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia, co obxecto principal de regular o contido e procedemento de aprobación do Plan hidrolóxico Galicia-Costa, do Plan de seca, dos plans de xestión de inundacións e dos plans galegos de abastecemento e saneamento. O texto que propón incide especialmente en garantir a participación pública nos procesos de elaboración destes plans, prevíndose amplos períodos de consulta.

Entre os asuntos que recolle esta nova normativa destaca a exigencia de garantir por parte do xestor unha correcta conservación das infraestruturas hidráulicas para aprobar a execución de novas actuacións. Así, cando se avalíe a posibilidade de colaborar técnica e financeiramente entre o Goberno autonómico e as administracións locais, analizarase o funcionamento de actuacións executadas nos cinco anos anteriores, que deberán estar en servizo e en bo estado de conservación.



Para momentos en que se declaren situacións de seca, quere facilitarse a rapidez e eficacia na toma de decisións e na execución de actuacións que sexan necesarias para minimizar os prexuízos que se poidan causar. Para iso, a nova normativa habilita o Consello da Xunta para adoptar medias extraordinarias en relación co uso do dominio público hidráulico, determinando a declaración de utilidade pública para os efectos de ocupación ou expropiación dos terreos co fin de solucionar as incidencias.

Limpeza de leitos

Outra cuestión importante para o bo estado do dominio público son os labores de roza, retirada de residuos e de obstáculos. Este regulamento prevé facilitar estas actuacións menores de mantemento e conservación en dominio público hidráulico e en zona de servidume sempre que non supoñan un risco de afección ao río ou impliquen a corta de árbores.

Para a súa realización, só será necesaria unha comunicación previa a Augas de Galicia, de modo que labores tradicionais de mantemento de pequenos leitos en zonas habitadas en que pode haber desbordamentos ou atrancos se poden realizar con maior axilidade e coas máximas garantías ambientais, xa que Augas de Galicia resérvase para si os labores de inspección para comprobar a correcta execución dos traballos.

O decreto tamén se ocupará de certas cuestións particulares como a reformulación do Consello Sustentable da Auga, para que a súa composición o faga equiparable ao Consello da Auga das Confederacións Hidrográficas, engadindo a presenza de representantes autonómicos e das distintas confederacións hidrográficas con competencia no territorio de Galicia.

Outras cuestións do decreto

A parte máis extensa do anteproxecto de decreto é a ocupada pola regulación dos instrumentos de planificación que desenvolve Augas de Galicia, que distingue dous tipos segundo o ámbito de aplicación. A primeira está vinculada á xestión dominio público da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, mentres que a segunda tipoloxía de planificación está asociada á execución de obras no ámbito territorial de Galicia.

A normativa establece como o instrumento superior de planificación o Plan hidrolóxico, ao cal se debe axustar a acción da Administración hidráulica. Sobre este e o resto de instrumentos da planificación establécese o contido e, en concreto, o regulamento de planificación determina os seguintes puntos:

1. Describe a documentación e información que debe conter cada planificación.
2. Determina a obriga de incluír un rexistro de zonas protexidas.
3. Establece as cuestións que deben de ser consideradas no programa de medidas e como considerar os caudais ecolóxicos.



Cómpre salientar que o decreto tamén regula o procedemento para a aprobación do Plan hidrolóxico, a súa coordinación co procedemento de avaliación ambiental estratéxica e un procedemento de revisión simplificado para modificacións non substanciais del.

Tamén se consideran neste regulamento os plans relativos a riscos de inundación e de seca para a demarcación hidrográfica Galicia – Costa, que ata este momento non tiñan regulado o seu procedemento de aprobación.

Con respecto ao segundo tipo de planificación asociado á execución de obras no ámbito territorial de Galicia, régulase o contido e os procedementos de tramitación dos plans xerais galegos de abastecemento e saneamento, así como de plans para ámbitos concretos do territorio galego, que se denominan plans de zona.

A cuestión máis destacable do regulamento, e que afecta a todos os instrumentos da planificación, é que se garante a participación pública con amplos períodos de consultas, coordinados co procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Así, para o Plan hidrolóxico establécense tres períodos de consulta de seis meses cada un: para os documentos iniciais, para o esquema de temas importantes e para o propio proxecto de Plan hidrolóxico. Pola súa banda, os plans de seca, de xestión de inundacións, de abastecemento e de saneamento contarán cun mínimo de tres meses de consulta á sociedade. Todos eles son períodos amplos que permitirán unha participación de máis calidade e unha mellor definición dos documentos finais dos plans.

Iníciase con este paso a tramitación do quinto dos regulamentos de desenvolvemento da Lei 9/2010, de augas de Galicia, tras a aprobación dos decretos referidos ao Estatuto de Augas de Galicia, ao regulamento marco dos servizos de saneamento e depuración, ao canon da auga e coeficiente de vertedura e á execución e explotación de infraestruturas hidráulicas. A normativa galega en materia de augas acada deste modo un alto grao de desenvolvemento e madurez.



A XUNTA DECLARA 2014 COMO O ANO GALEGO DA PARÁLISE CEREBRAL

A Xunta declarou o ano 2014 como o Ano alego da parálise cerebral, polo que desenvolverá nos próximos meses diversas iniciativas –relacionadas principalmente cos eidos sociosanitario e formativo- co obxectivo de reforzar a atención ás persoas diagnosticadas con parálise cerebral e aos seus cuidadores.

Desde as consellerías de Sanidade e de Traballo e Benestar estase a colaborar co movemento asociativo en labores de información, orientación e atención interdisciplinar das persoas con discapacidade e das súas familias, e cooperando na formación continuada dos colaboradores das asociacións, así como nas actividades de sensibilización social.

Entre as iniciativas que se desenvolverán ao longo do ano, a Escola Galega de Saúde de Cidadáns desenvolverá distintas actividades onde profesionais do Servizo Galego de Saúde, en colaboración con asociacións de parálise cerebral, difundirán entre a poboación as características desta discapacidade e as recomendacións para o seu manexo e coidados.

Baixo o termo de parálise cerebral agrúpanse un conxunto de afectacións cuxa característica fundamental é a afectación motora, pero cunha enorme variedade de situacións persoais, desde a apenas apreciable ata a dependencia total de terceiras persoas para desenvolver as tarefas máis básicas.

Non se pode curar, pero si se poden mellorar os síntomas, proporcionando unha atención adecuada que axude a persoa afectada a mellorar a súa mobilidade, o seu desenvolvemento intelectual e a súa integración social.

O impacto desta discapacidade ten unha gran repercusión no contorno social e familiar, polo que exige unha abordaxe multidisciplinar, coa participación activa de profesionais, familiares e cuidadores.



BENESTAR ULTIMA O NOVO REXISTRO QUE PERMITIRÁ CERTIFICAR E ACREDITAR A EXPERIENCIA DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

- *O Consello da Xunta avaliou hoxe o proxecto de orde polo que se crea esta ferramenta, que agora pasará a incorporar unha sección destinada exclusivamente a certificar e acreditar a experiencia*
- *O Goberno galego coñeceu tamén o borrador de decreto que regula o Consello Galego de Acción Voluntaria, no cal se recolle unha maior representación das entidades que traballan neste eido*
- *O número de asociacións de acción voluntaria medrou un 15 por cento nos últimos anos, ata superar as 860*
- *Actualmente en Galicia hai inscritos máis de 36.400 voluntarios*

A Consellería de Traballo e Benestar está a ultimar o novo Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, que substitúe o anterior, co fin de incorporar unha sección destinada exclusivamente ás persoas voluntarias, que terá como obxectivo certificar e acreditar a experiencia destas persoas.

O Consello da Xunta avaliou hoxe o proxecto de orde que crea esta ferramenta, nunha reunión na cal tamén coñeceu o borrador de decreto que regula o novo Consello Galego de Acción Voluntaria. Ambos os textos serán remitidos agora ao Consello Consultivo para seguir coa súa tramitación.

A Lei de acción voluntaria de Galicia de 2011, aprobada por unanimidade no Parlamento galego, establecía –entre outras novidades- a posibilidade de que as persoas voluntarias obtivesen certificación da súa participación en diferentes accións, co fin de poder acreditar un historial de experiencias.

Esta mesma norma incluía, polo tanto, a necesidade de creación dun novo rexistro de acción voluntaria, que é o que aborda no proxecto de orde presentado hoxe na reunión do Goberno galego. Para crear esta ferramenta, é preciso derogar o anterior rexistro, que só estaba destinado a entidades e non a persoas.

Este instrumento asume, pois, as funcións de cualificación e inscrición tanto dos voluntarios como das entidades (a través de dúas seccións diferenciadas), así como as de certificación das distintas accións que desenvolvan os voluntarios.

Cabe lembrar tamén que as entidades deben estar inscritas nel para poderen obter subvencións, así como para subscribiren convenios coas administracións públicas. Hai tres categorías xerais de entidades que se poden anotar: as integradas na Administración autonómica, as locais ou as privadas sen ánimo de lucro. Todas elas

deberán traballar nalgunha ou varias das seguintes áreas de actuación: acción social, cultura, ambiente, cooperación ao desenvolvemento ou outras accións.

Consello de Acción Voluntaria

A reunión do Consello da Xunta estudou tamén hoxe o proxecto de decreto que regula o novo Consello Galego de Acción Voluntaria. Segundo a Lei de voluntariado de 2011, este é o máximo órgano de participación, coordinación, asesoramento e materia nesta área. A mesma norma recolle que se establecerá regulamentariamente a composición e organización deste organismo, que xa existía pero que agora se modifica.

Con esta normativa dótanse de maior representación as entidades que traballan neste eido, en detrimento da Administración autonómica. Con este mesmo fin, créase unha vicepresidencia segunda para o representante da confederación con maior número de entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria. O obxectivo é que os axentes que traballan neste ámbito contén cun maior peso no órgano, que ademais pasa a incorporar tamén as universidades.

O obxectivo, polo tanto, é reafirmar a importancia das estruturas de participación cidadá e consolidar este consello como máximo órgano de asesoramento en materia de voluntariado.

Entre as funcións do organismo están emitir informes sobre os proxectos do Goberno no eido do voluntariado; asesorar e informar; servir de punto de encontro entre as administracións e as entidades; elaborar informes; detectar e analizar as necesidades básicas na materia; velar pola calidade das prestacións ou propoñer novas actuacións.

Unha sociedade solidaria

Ambas as medidas se inscriben na aposta do Goberno galego por seguir apoiando e impulsando o voluntariado, que vén incrementando a súa relevancia nos últimos anos en Galicia. Entre outras iniciativas, a Xunta desenvolve proxectos relacionados co voluntariado nos cárceres; o pasaporte solidario; o acompañamento a persoas con alzhéimer; o voluntariado dixital, nas bibliotecas, ou de carácter ambiental; o intercambio de voluntarios sénior con outros países; ou o Servizo de Voluntariado Xuvenil.

Cómpre destacar, ademais, que as entidades inscritas no Rexistro da Xunta aumentaron nun 15 por cento desde 2008, de xeito que agora superan as 860 asociacións. Parello a este incremento, produciuse tamén un aumento no número de persoas voluntarias inscritas, que superan xa as 36.400.



PRETO DE 1.400 FAMILIAS DE 78 CONCELLOS DO INTERIOR DE LUGO E DE OURENSE BENEFICIARANSE DAS SUBVENCÍONS DA XUNTA PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA A RECEPCIÓN DA TDT VÍA SATÉLITE

- ***O Goberno galego destinará máis de 400.000 euros a estas axudas, que ascenderán a un máximo de 300 euros para o material subministrado***
- ***A Xunta xa concedeu o pasado ano 300 subvencións para a adquisición de equipamentos de recepción de TDT vía satélite, ás cales destinou 90.000 euros***
- ***Os beneficiarios foron familias sen cobertura de TDT que viven nas zonas obxectivo do Plan de desenvolvemento rural sustentable en Galicia (PDRS), dos concellos do interior de Lugo e de Ourense***
- ***A maior incidencia das axudas produciuse na Montaña Luguesa, onde se outorgaron 140 das 300 subvencións concedidas, cunha participación de 14 dos 16 concellos desta área***
- ***Os concellos que obtiveron un maior número de subvencións foron os de Quiroga, con 47; Outeiro de Rei, con 22; San Xoán de Río, con 21, e Pol, con 20 instalacións***

Preto de 1.400 familias de 78 concellos do interior das provincias de Lugo e de Ourense poderán beneficiarse das subvencións que a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Medios, habilitou para a adquisición de equipamentos para a recepción da TDT a través de satélite. O Goberno galego destinará máis de 400.000 euros a estas axudas, que ascenderán a un máximo de 300 euros para material subministrado, subvencións que xa se puxeron en marcha no pasado exercicio e que se prorrogarán durante este ano 2014 e tamén en 2015.

Estas axudas, que son tramitadas directamente a través das empresas instaladoras de telecomunicacións autorizadas que colaboran coa Xunta de Galicia (un total de 20 que resultaron seleccionadas por procedemento administrativo), consiste no desconto na factura, por parte destas empresas colaboradoras, de ata 300 euros no material subministrado (incluído o IVE, pero non o custo da man de obra). Un material no que se engloba todo o necesario para a recepción do servizo: antena, cables, conectores e o receptor de TDT a través de satélite.

No pasado exercicio 2013, o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral de Medios, xa adxudicou un total de 302 subvencións para a adquisición de equipamentos para a recepción da TDT a través de satélite, axudas ás cales destinou case 90.000 euros. Os beneficiarios destas subvencións foron familias sen cobertura TDT que viven nos concellos do interior das provincias de Lugo e de Ourense, nas zonas que son obxectivo do Plan de desenvolvemento rural sustentable en Galicia (PDRS) –unha iniciativa coordinada pola Consellería do Medio Rural e do Mar, que conta coa colaboración económica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente-.

Repartición das subvencións

Así, na convocatoria destas subvencións no pasado ano presentáronse un total de 333 solicitudes, das cales foron outorgadas 302 e desestimadas 31 por defectos de forma. As solicitudes recibidas procederon de 41 concellos dos 78 incluídos no primeiro nivel do Plan de desenvolvemento rural sustentable (PDRS).

Os concellos que tiveron un maior número de subvencións foron os de Quiroga, con 47; Outeiro de Rei, con 22; San Xoán de Río, con 21, e Pol, con 20 instalacións. Por provincias, a de Lugo (coas áreas de Lugo central e a Montaña Luguesa) obtivo 217 subvencións, e a provincia de Ourense (zona das depresións ourensás e Terras do Sil) recibiu 85 destas axudas para a adquisición de equipamentos para a recepción de TDT a través de satélite.

A maior incidencia das subvencións deuse na Montaña Luguesa, onde se outorgaron 140 do total das axudas concedidas, cunha participación de 14 dos 16 concellos desta área, o que representa unha participación do 87%. No caso da zona das depresións ourensás e Terras do Sil, nas cales se outorgaron 85 subvencións, a participación dos concellos foi de 13 dos 36 pertencentes a esta área, un 36% do total de municipios desta zona.

DISTRIBUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS POR CONCELLOS:

PROVINCIA	CONCELLO	Nº SUBVENCIÓNS
LUGO	ABADÍN	1
LUGO	A FONSAGRADA	11
LUGO	BALEIRA	1
LUGO	BARALLA	6
LUGO	BECERREÁ	2
LUGO	BEGONTE	11
LUGO	CASTRO DE REI	7
LUGO	CASTROVERDE	2
LUGO	CERVANTES	3
LUGO	FOLGOSO DO COUREL	5
LUGO	FRIOL	2
LUGO	GUITIRIZ	5
LUGO	MEIRA	9
LUGO	MURAS	8
LUGO	NEGUEIRA DE MUÑIZ	1
LUGO	O CORGO	1
LUGO	O INCIO	3
LUGO	O PÁRAMO	10
LUGO	OUTEIRO DE REI	22
LUGO	PALAS DE REI	2

LUGO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	6
LUGO	POL	20
LUGO	QUIROGA	47
LÚGO	RÁBADE	1
LUGO	RIBAS DE SIL	14
LUGO	RIBEIRA DE PIQUÍN	4
LUGO	RIOTORTO	12
LUGO	SAMOS	2
OURENSE	A GUDIÑA	7
OURENSE	BALTAR	3
OURENSE	BANDE	1
OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	2
OURENSE	CASTRO CALDELAS	1
OURENSE	CHANDREXA DE QUEIXA	8
OURENSE	ENTRIMO	18
OURENSE	OS BLANCOS	1
OURENSE	PARADA DE SIL	1
OURENSE	SAN XOÁN DE RÍO	21
OURENSE	A TEIXEIRA	1
OURENSE	VILAR DE BARRIO	2
OURENSE	VILARDEVÓS	19

Máis de 5.500 antenas para a recepción por satélite

Desde o apagamento da televisión analóxica, instaláronse en Galicia unhas 5.560 antenas para a recepción da TDT por satélite. A provincia de Lugo é a que presenta unha maior porcentaxe de instalacións deste tipo de equipamentos, o 39%, seguida da provincia da Coruña, co 32%, e a de Ourense, co 21%. A provincia de Pontevedra é a que menor número de instalacións de satélite TDT ten, debido á súa mellor cobertura terrestre por mor da súa orografía e pola distribución da poboación. Acada, na actualidade, un total de 466 instalacións de equipamentos para a recepción de TDT a través de satélite, tan só o 8% do total de Galicia.

Desde que se puxo en marcha este servizo da TDT por satélite, fundamentalmente a partir do apagamento analóxico en abril de 2010, o ritmo de instalación destes equipamentos viña sendo duns 50 mensuais, coa previsión de acadar as 10.000 instalacións de vivendas con TDT por satélite no ano 2020, que representaría o 100% das vivendas galegas que poderían necesitar deste servizo. Coa convocatoria destas subvencións por parte da Secretaría Xeral de Medios en 2013, produciuse un repuntamento das instalacións de satélite nas provincias de Lugo e Ourense.

As persoas interesadas en concorrer a estas axudas para a instalación da recepción da TDT vía satélite dispoñen de toda a información do proceso de concesión na páxina web <http://medios.xunta.es>, na epígrafe Axudas e Subvencións, e tamén a través dos teléfonos habilitados para o efecto da Secretaría Xeral de Medios, 981 54 42 34, así



como no enderezo de correo electrónico xestión.sxm@xunta.es. A través destas canles, os interesados poderán consultar os 78 concellos do interior das provincias de Lugo e de Ourense que se poderán acoller a esta iniciativa.



GALICIA CONTARÁ EN 2014 COA REDE DIXITAL DE EMERXENCIAS MÁIS AVANZADA DO ESTADO

- ***Integrará nun mesmo sistema todos os colectivos que participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas ou de saturación***
- ***Será a primeira rede de emerxencias de España con capacidade para multiplicar por 5 a velocidade de transmisión de datos respecto ás redes de emerxencia convencionais***
- ***Está dimensionada inicialmente para 8.000 usuarios e ten capacidade técnica para chegar ata os 12.000***
- ***Conta cun investimento de 6,3 millóns de euros dos cales a Xunta achega preto de 2 millóns e o resto red.es, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)***
- ***Empregará as infraestruturas do operador público RETEGAL, o que permitirá un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais***

A primeira fase da Rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia entrará en funcionamento no primeiro trimestre do ano, e dará cobertura ás sete principais cidades galegas. Será a primeira rede de emerxencias xestionada pola Xunta, a través do operador público Retegal. Baseada nunha tecnoloxía punteira, a nova rede dixital integrará todos os colectivos que participan na resolución deste tipo de situacións facilitando unha intervención efectiva e eficaz dos efectivos implicados e simplificando as tarefas de coordinación entre eles.

Cobertura e investimento

A previsión é que a nova rede dixital estea operativa en todo o territorio galego a finais de 2014 cunha cobertura do 84 % do territorio e o 94 % da poboación, de xeito que garantirá un alto grao de cobertura nas principais zonas urbanas nas principais vías de comunicación, portos, aeroportos e zonas industriais de especial risco e zonas rurais.

Ademais, existirá unha estación base transportable, que poderá ser empregada para un despregamento rápido de cobertura nunha zona de sombra ou aumentar a capacidade ante un evento que xere un incremento exponencial das comunicacións dos servizos de emerxencia e seguridade.

O investimento que se vai realizar será de 6.378.100,22 €, dos cales o 70 % son achegados pola entidade pública empresarial red.es, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e o 30 % pola Xunta de Galicia, e concretamente pola Amtega, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería do Medio Rural e do Mar e a entidade pública empresarial Red.es.



Tecnoloxía de última xeración

A rede empregará a tecnoloxía TETRA, a máis punteira para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública e recomendada a nivel europeo. O novo sistema caracterízase pola súa fiabilidade mesmo en situacións extremas ou de saturación. Esta tecnoloxía garante a súa dispoñibilidade cando o resto de redes de telefonía móbil se colapsa, emprega dispositivos móbiles adaptados a condicións extremas e permite as comunicacións en grupo e a integración cos sistemas de integración cos sistema de telefonía fixa e móbil.

Ademais, posibilita a incorporación de diversos servizos como situar xeograficamente en tempo real a posición de todos os dispositivos de emerxencia vía GPS, envíos de sms a persoas ou grupos, envío de fotos, consulta de bases de datos ou a gravación de conversas con capacidade de ata 120.000 horas de gravación, e permitirá a encriptaxe das comunicacións.

Será a primeira rede de emerxencias de España que incorpora a posibilidade de habilitar o servizo de datos mellorado (TEDS) que multiplica por 5 a velocidade de transmisión de datos con respecto as redes de emerxencia convencional. Estas características converten a rede de Galicia na referencia máis moderna en España.

Capacidade para ata 12.000 usuarios

Todos os organismos dependentes da Xunta de Galicia se incorporarán obrigatoriamente a esta rede, segundo se recolle na Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. A rede nace coa vocación de dar servizo a deputacións, consorcios de bombeiros, entidades locais así como a plans de emerxencias de empresas privadas que o soliciten.

O número inicial de usuarios estimados entre efectivos de Protección Civil, Axega, Policía Autonómica, 112, dispositivos antiincendios, bombeiros e 061 é de 5.000, que se prevé que cheguen aos 8.000 nun período de 3 a 5 anos, e ten capacidade técnica para chegar ata os 12.000. Esta rede porase á disposición doutros organismos públicos, como deputacións ou concellos, conseguindo deste xeito unha maior coordinación dos distintos servizos de emerxencias.

Aforro de 37 millóns de euros

Na creación desta nova rede de emerxencias estanse a aproveitar infraestruturas de telecomunicacións implantadas no marco do Plan de banda larga da Xunta e as redes do operador público Retegal, o que permitirá un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais. A empresa pública será a encargada de xestionar a rede dixital de emerxencias.



A entrada en funcionamento desta rede substituirá a tecnoloxía analóxica que actualmente se emprega na rede de emerxencias, que non permite implementar novas funcionalidades de servizos nin ten capacidade para soportar as necesidades actuais dos servizos de emerxencias.

Esta iniciativa encaixa no proceso de mellora das infraestruturas de telecomunicacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para conseguir unha comunidade conectada que poida acceder aos novos servizos da sociedade da información e tamén proporcionarlos desde a propia Administración autonómica.



A XUNTA PAGOU EN 2013 AS SÚAS FACTURAS NUNHA MEDIA DE 26,8 DÍAS, UN 40% MENOS QUE O EXERCICIO ANTERIOR

- *Galicia sitúase entre as administracións que paga con máis axilidade*
- *No conxunto de 2013, levou a cabo preto de 176.000 pagamentos na Administración xeral e no Sergas*
- *O importe dos pagos efectuados pola Xunta superou os 8.800 millóns de euros, o que representa o 15,72% do PIB autonómico*
- *O nivel de pagamentos ata o terceiro trimestre de 2013 foi 12 puntos mellor que a media de comunidades, segundo os datos do Ministerio de Hacienda*
- *A Administración galega mantivo durante todo o ano como prioridade o gasto de carácter social e a atención a pequenos provedores, autónomos e pemes, axilizando os pagamentos a farmacias, Risga e atención á dependencia e discapacitados*

A Xunta de Galicia pagou nunha media de 26,8 días as súas facturas correspondentes ao exercicio 2013, de forma que a Administración galega reduciu en máis dun 40% o tempo medio de pagamento respecto a 2012. Ademais, seguiu dándolle prioridade aos pequenos provedores, os empresarios autónomos, ás pequenas e medianas empresas e ás entidades sociais co fin de achegar liquidez a estes colectivos.

Segundo o informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, o Goberno galego conseguiu situar en 2013 o tempo medio de pagamento por debaixo dos 30 días, fronte aos 45 días que se rexistraron en 2012.

Ademais, no exercicio 2013 a Administración autonómica efectuou un total de 175.984 pagos, 55.682 da Administración xeral e 120.302 do Sergas. En total, a Xunta de Galicia atendeu pagamentos por un importe de 8.803 millóns de euros, unha cantidade que representa o 15,72% do PIB autonómico.

Os últimos datos do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas tamén indican que o nivel de pagamentos da Administración galega no capítulo de investimentos reais situouse no 82,1% ao peche do terceiro trimestre de 2013, máis de 12 puntos mellor que a media das comunidades (70%). Galicia rexistra así mesmo un nivel de execución do orzamento de gastos correntes 8,3 puntos superior á media, sendo a terceira comunidade con maior porcentaxe de pagamentos.

Os máis de 8.800 millóns de euros xa pagados pola Administración galega permitiron atender gastos como as nóminas do persoal da Xunta; as universidades; a Risga ou o Fondo de Cooperación Local. En canto ao ámbito social, tamén se levaron a cabo os pagamentos correspondentes aos gastos de funcionamento dos centros sanitarios e educativos; o pagamento da farmacia, e a atención á dependencia e discapacitados.



En conxunto, a Administración xeral xa efectuou todos os pagamentos en Tesouro anteriores ao 31 de decembro. No informe da Consellería de Facenda destácase que a cantidade aboada en 2013 a empresas, particulares e institucións por parte da Xunta representa case o 15,72% do PIB autonómico.

Solvencia

A actual situación de liquidez da Comunidade galega deriva dunha orzamentación realista e prudente e do prestixio que ten nos mercados, algo que lle permite colocar sen dificultades a débeda pública e atender tamén con normalidade os pagos a provedores.

De feito, Galicia non precisou utilizar o mecanismo estatal de pago a provedores posto en marcha polo Executivo central durante 2012, nin tampouco necesitou acudir á ampliación deste fondo aprobada en 2013. Ademais, a Comunidade galega tampouco necesitou acudir ao Fondo de Liquidez Autonómico, un mecanismo habilitado polo Goberno central para as autonomías con problemas para obter financiamento, situación que non está a sufrir Galicia.



A XUNTA DESTINA 7,5 MILLÓNS Á MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS EMPRESARIAS E ENERXÉTICAS DOS CONCELLOS GALEGOS

- ***O programa para renovar as instalacións de iluminación pública exterior sumará máis de 4,5 millóns que lles permitirá aos municipios aforrar preto dun 50% no custo da factura eléctrica dos equipamentos substituídos***
- ***A liña incrementa o seu orzamento un 15% con respecto á anterior convocatoria e prevé xerar un aforro enerxético equivalente ao consumo anual de 1.500 familias, cun aforro en custos de 9 millóns de euros durante a vida útil dos equipamentos***
- ***A nova orde de axudas para a mellora das infraestruturas dos parques empresariais suma 3 millóns de euros***
- ***Ambas as achegas priman os proxectos desenvolvidos por agrupacións de concellos incrementando a porcentaxe da subvención un 15%***
- ***A través das dúas liñas, a Xunta leva destinados desde 2009 máis de 32 millóns de euros ao apoio aos municipios galegos na mellora das súas infraestruturas***

A Xunta de Galicia destina 7,5 millóns de euros para apoiar os concellos galegos na mellora das súas infraestruturas empresariais e enerxéticas. Así, a través de dúas novas ordes de axuda, das cales se informou hoxe o Consello da Xunta, os municipios poderán emprender actuacións orientadas á súa mellora competitiva, desenvolvendo proxectos cun importante reflexo nas economías locais.

Cómpre salientar que, unha vez máis, os dous programas priman os proxectos desenvolvidos por agrupacións de concellos, incrementando a porcentaxe da subvención nun 15% con respecto á que lle correspondería a cada municipio de xeito individual. Preténdese primar así unha xestión compartida que posibilita unha diminución de custos nas arcas municipais.

O programa de axudas para o aforro e a eficiencia enerxética nos municipios galegos destinará este ano ata 4,5 millóns de euros, un 15% máis que na anterior convocatoria, á substitución de luminarias por outras de última tecnoloxía. Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria colaborará con máis de 115 concellos na renovación de equipamentos máis eficientes que poden supor preto dun 50% de aforro no custo da factura eléctrica das instalacións substituídas.

A contía máxima da axuda será, de modo xeral, do 70% do investimento elixible, cun máximo de 42.000 euros, e os beneficiarios poderán solicitar un anticipo de ata o 25% da cantidade concedida. No caso das agrupacións, a axuda chega ao 85%; así mesmo, os proxectos contan cunha valoración dun 30% máis que os presentados de forma independente.



Coa execución destes proxectos obterase un aforro conxunto de 9 millóns de euros durante a vida útil dos equipamentos. Así mesmo, acadarase un aforro enerxético de 5,4 millóns de kWh/ano, o equivalente ao consumo anual dunhas 1.500 familias, ao tempo que se evita a emisión á atmosfera de 3.500 toneladas de CO₂, o equivalente a plantar 172.000 árbores.

Dinamización dos parques empresariais

Co mesmo obxectivo de colaborar cos concellos na súa mellora competitiva e económica, a Consellería de Economía e Industria destina 3 millóns de euros ao desenvolvemento de actuacións encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais. A través desta liña, que aspira a beneficiar preto de 40 municipios, modernizaranse os seus parques, con apoios de ata o 80% do custo subvencionable cun máximo de 120.000 euros. No caso das agrupacións, a axuda chegaría ao 95%, cunha contía máxima de 180.000 euros.

Para facer máis accesible o desenvolvemento dos proxectos, a orde recolle o pagamento de anticipos de ata o 25% da axuda concedida. Deste xeito, facilítase a posta en marcha de actuacións orientadas a incrementar a calidade das infraestruturas que se lles ofrecen ás industrias para que se instalen nos concellos galegos, xerando postos de traballo e mellorando a competitividade do tecido empresarial.

En concreto, con estas axudas apóianse iniciativas como a dotación de servizos centralizados de xeración e subministración de enerxía de cara ao aforro e á eficiencia no gasto enerxético, novas plantas de depuración de augas, xestión de residuos, vías de acceso aos parques empresarias ou instalacións de sistemas de seguridade e vixilancia.

A través desta dúas liñas, a Xunta de Galicia leva destinados desde 2009 máis de 32 millóns de euros ao apoio aos municipios galegos na mellora das súas infraestruturas. Ambos os programas, se publicarán nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia*, e abrirase a partir de entón o prazo de solicitudes. Nos dous casos, as axudas outórganse en réxime de concorrencia competitiva, cun proceso de valoración obxectivo.



CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DE 54.000 EUROS ÁS OBRAS PARA REPARAR COA MÁXIMA CELERIDADE OS DANOS CAUSADOS POLO TEMPORAL NO COLEXIO DE XOVE

- ***A rápida actuación do departamento educativo da Xunta permitiu que as clases se retomarán no menor tempo posible, sen que a normalidade lectiva se vise afectada***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria traballa xa na reparación da cuberta do CEIP Pedro Caselles Rollán, en Xove (Lugo), destinando máis de 54.000 euros a estas obras. O Consello da Xunta deu analizou hoxe o informe de actuacións de emerxencia realizadas pola Consellería neste colexio, cuxa principal cuberta perdeu un 75% do panel que a protexía o pasado 5 de xaneiro debido ao temporal.

A Consellería actuou coa máxima celeridade perante o incidente, de feito que os técnicos comezaron o día 7 a traballar para avaliar os danos e barallar as distintas solucións posibles. Tras recoller os cascallos e colocar unha cuberta provisional, iniciáronse as obras de reposición da cuberta e de reparación dos danos ocasionados polo vento e a choiva no CEIP.

A rápida actuación do departamento educativo da Xunta permitiu que as clases se retomasen no menor tempo posible sen que a normalidade lectiva se vise afectada. De feito, as alumnas e os alumnos puideron volver ás clases o xoves 9, tan só un día despois do remate das vacacións de Nadal.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE ASINA UN CONVENIO COA UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA E O FORO INTERALIMENTARIO CO OBXECTIVO DE MELLORAR A SAÚDE E A CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN GALEGA

- *A través da promoción dun estilo de vida saudable desde as idades máis temperás*
- *Esta iniciativa enmárcase na Estratexia Galega de Abordaxe da Cronicidade*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou a sinatura dun convenio marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL) e a Asociación para a mellora da formación e información alimentaria dos consumidores e a sociedade "Foro interalimentario". Este convenio é o primeiro dos que, desde o departamento que dirixe Rocío Mosquera, se pretende levar a cabo con distintos sectores da sociedade co obxectivo final dunha mellora da saúde e da calidade de vida na poboación galega, a través da promoción dun estilo de vida saudable desde as idades máis temperás.

Esta iniciativa da Administración sanitaria galega enmárcase na Estratexia Galega de Abordaxe da Cronicidade e vén cubrir algunhas das accións que se recollerán no Plan galego de prevención da obesidade infantil, en cuxo desenvolvemento se está a traballar na actualidade. O obxectivo final é a diminución da morbi-mortalidade provocada polas enfermidades crónicas non transmisibles, fomentando hábitos de vida saudables, en particular aqueles relacionados coa alimentación.

Liñas principais de colaboración

O convenio aprobado hoxe establece diversas liñas principais de colaboración, entre as que destacan: o desenvolvemento de programas divulgativos e de formación para mellorar o coñecemento dos hábitos de consumo dunha alimentación saudable adaptados aos diferentes sectores ou grupos poboacionais; a promoción de accións orientadas a que o consumidor dispoña de produtos saudables coa máxima calidade intrínseca e seguridade de acordo cos estándares e recomendacións nacionais e internacionais; a promoción de campañas informativas de promoción de estilos de vida saudables dirixidas aos diferentes grupos de idade; e, ademais, o apoio á adopción de políticas favorables á redución do contido en sal, azucres e graxas saturadas e á eliminación de graxas *trans* en produtos alimenticios transformados, alentando a súa reformulación cara a perfís nutricionais saudables.

Outras das principais liñas do convenio serán o fomento por parte das partes asinantes, xunto coas autoridades sanitarias e os organismos de consumo da Xunta de Galicia, das iniciativas que se emprendan dirixidas a garantir a capacidade do consumidor para adoptar decisións saudables; a promoción de accións de carácter preventivo e de sensibilización en colaboración con outras institucións, entidades e asociacións profesionais, como poden ser fabricantes ou hostalaría; ou a realización e promoción de



calquera outra actividade que redunde na mellora da saúde da poboación e na adopción de estilos de vida saudables.



A XUNTA REALIZA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE HOSPITALIZACIÓN DO CHUO

- ***Foi proposta a adxudicación da obra á futura UTE Vías y Construcciones, S.A. + CRC + Extraco, S.A. por un importe de 41.140.000 euros e cun aforro sobre o importe de licitación de 16.845.550 euros (28,5%)***
- ***O inicio dos traballos farase no primeiro trimestre deste ano e terá un prazo de execución duns dous anos desde o inicio da obra***

A Xunta de Galicia propuxo a adxudicación da obra de hospitalización do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense á UTE Vías y Construcciones, S.A. + CRC + Extraco, S.A. por un importe de 41.140.000 euros (IVE incluído). O aforro sobre o importe de licitación é, polo tanto, de 16.845.550 euros.

O inicio dos traballos farase no primeiro trimestre deste ano e terá un prazo de execución duns dous anos desde o inicio da obra. A Administración autonómica cumpre deste xeito o compromiso adquirido con respecto á ampliación e modernización deste centro sanitario, tras finalizar o pasado ano 2013 todos os trámites administrativos previos á sinatura do contrato.

Detalles técnicos do proxecto

A ampliación do CHUO vai supoñer unha mellora substancial na prestación da asistencia sanitaria á cidadanía ao incorporar os últimos avances na área de hospitalización incluída nesta obra.

Segundo consta no proxecto de obra, a superficie útil é de 47.864 m² e a súa superficie construída será de 53.941 m². A obra abordará a execución dun novo bloque de hospitalización, que constará dunha área de servizos xerais e a ampliación e dotación de aparcadoiro (tanto para o persoal do centro sanitario como para o resto dos cidadáns).

Máis en detalle, a torre de hospitalización ten sete andares de hospitalización con dúas unidades por andar. Isto é, un total de 14 unidades das cales 9 son polivalentes médico-cirúrxicas, unha de psiquiatría, de paliativos, de oncoloxía e dúas unidades innovadoras. En total ten unha capacidade máxima de aproximadamente de 900 camas. Ademais, dispón dunha área de docencia, cafetarías para o público e o persoal, departamento de admisión, tendas e vestíbulo.

Doutra banda, os servizos xerais constan de cociña, mantemento, vestiarios, zona de residuos, sala mortuoria e almacéns. Por último, a área de aparcadoiro articúlase en 3 andares con aproximadamente 700 prazas.